

09 Proxección internacional e mobilidade

A Universidade da Coruña continúa co proceso de proxección exterior para acadar unha perspectiva e un posicionamento no eido internacional. Neste sentido resulta significativo o aumento seguido de participantes en programas de mobilidade, tanto alumnado e profesorado como persoal de administración e servizos. A universidade consegue tamén presenza no ámbito internacional mediante o desenvolvemento de convenios de intercambio que abranguen todos os ámbitos da actividade académica e coa presenza de visitantes procedentes doutras institucións de ensino superior, tanto estatais como internacionais.

A UDC dotouse en outubro do Regulamento da UDC para mobilidade internacional de estudantes, co que se pretende facer fronte ás situacións derivadas da implantación das novas titulacións e das novas modalidades de intercambio do estudantado.

Na liña de fortalecemento iniciada no pasado ano, consolidouse o programa propio de internacionalización coa II Convocatoria de axudas á mobilidade internacional para o persoal docente. Dun xeito distinto ao do ano pasado, en que o programa se dotou con

10 bolsas, en 2010 fixéronse tres accións. A primeira destínase a facilitar acordos e intercambios académicos con institucións de ensino superior e favorecer a nosa presenza por medio da sinatura de convenios. A segunda ten por obxecto situar a UDC en foros internacionais máis aló do marco europeo e participando en redes estables de cooperación. A terceira acción enfócase exclusivamente á colaboración para establecer titulacións conxuntas, duplas ou múltiples.

Por segundo ano consecutivo executouse o Programa de acollida a estudantes de intercambio, en que participaron 42 estudantes dos dous campus.

Desde o punto de vista das axudas económicas para estudantes, destacan as bolsas complementarias da Fundación Bancaja que baixaron este ano a 25.000€. Estas axudas destináronse principalmente á mobilidade do estudantado e nun 10% a complementar mobilidade do profesorado no ámbito europeo. Así mesmo, séguese a colaborar no Programa Santander-CRUE de mobilidade iberoamericana que ofrece nove bolsas destinadas ao intercambio do estudantado cara aos países de Iberoamérica.

Programas europeos


Incrementouse no seu conxunto a mobilidade dos membros da comunidade universitaria. Apréciase un estacamento no aumento de intercambio do estudiantado. O programa Stella, destinado ao persoal de administración e servizos, mantívose como en edicións anteriores cun intercambio, e mellora a participación do PAS no programa Erasmus Staff Mobility for Training.

Así mesmo, desenvólvense programas iniciados en anos anteriores, como o Erasmus Mundus, as Accións Jean Monnet ou o programa Grundtvig de fomento da mobilidade no marco da Universidade Sénior.

Por outra banda, cómpre salientar o programa Prácticas Hac Luce, cofinanciado pola Deputación da Coruña, que incrementou significativamente a oferta de bolsas (de 30 a 95), o que supón triplicar o número de persoas beneficiarias de prácticas pre-profesionais

para adquirir formación complementaria con vistas á inserción laboral.

Finalmente, por primeira desde a súa creación, a Unión Europea outorgou en 2010 a consideración de lingua minoritaria ao idioma galego (xunto co catalán, o valenciano e o vasco). En consecuencia, Galicia puido concorrer ao programa de Cursos Intensivos de Lingua Erasmus (EILC). A Universidade da Coruña, en acordo coas as outras dúas universidades do SUG, solicitou o proxecto que lle foi concedido. Neste marco, formáronse, coa colaboración do Servizo de Normalización Lingüística, un total de 41 estudantes de intercambio das tres universidades galegas, nuns cursos de inmersión lingüística e cultural de grande interese para eles, como resulta das enquisas realizadas. Houbo que organizar dous cursos máis dos permitidos para atender a totalidade da demanda.



Cadro 169 Evolución da mobilidade.
Erasmus saíntes



Cadro 170 Evolución da mobilidade.
Erasmus entrantes


Programas e convenios bilaterais

Medra progresivamente o número de estudantes, tanto entrantes como saíntes, que participan en programas acollidos a convenios bilaterais asinados pola


UDC. Cómpre salientar a eficacia dos acordos coas universidades mexicanas e os establecidos a través da Fundación Carolina.

Programa	Saíntes	Entrantes
ANUIES-CRUE	3	13
Bilateral	32	41
Erasmus Estudos	405	301
Erasmus Mundus	-	3
EU Articulation Scheme	8	-
Programa visitantes	-	12
Leonardo da Vinci	95	-
MAEC-AECI	-	12
Fundación Carolina	-	6
Erasmus prácticas	5	2
Total	548	390
Mobilidade total 2009-2010	938	

Cadro 171 **Mobilidade dos estudantes en 2009-2010**



Cadro 172 Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais



Cadro 173 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais

Italia	127
Polonia	42
Francia	40
Brasil	31
Alemaña	22
Portugal	18
México	13
EE UU	12
Hungría	11
Romanía	10
Austria	8
República Checa	7
Bélxica	4
Rusia	4
Turquía	4
Bulgaria	3
Eslovaquia	3
Finlandia	3
Letonia	3
Reino Unido	3
Eslovenia	2
Chile	1
Suíza	1

Cadro 174 **Estudiantes entrantes na UDC por países de procedencia en 2009-2010**

Facultade de Filoloxía	65
Facultade de Economía e Empresa	63
ETS de Arquitectura	54
Facultade de Dereito	36
Facultade de Ciencias	25
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física	22
EU de Turismo	20
Facultade de Ciencias da Comunicación	12
ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	11
EU de Deseño Industrial	9
Facultade de Humanidades	9
Facultade de Informática	9
Escola Politécnica Superior	8
EU de Fisioterapia	8
Facultade de Ciencias da Educación	8
Facultade de Socioloxía	7
EU de Estudos Empresariais	4
EU Politécnica	3
EU de Enfermaría	1
EU de Arquitectura Técnica	1
EU de Enfermaría e Podoloxía	1
Oficina de Relacións Internacionais	1

Cadro 175 **Estudantes entrantes por ámbitos de estudo en 2009-2010**

Italia	137
Portugal	68
Francia	57
Polonia	31
Alemaña	24
Reino Unido	23
Bélxica	14
Chile	12
Brasil	10
Austria	9
Hungría	9
Dinamarca	8
EE UU	7
Irlanda	6
Noruega	6
Suecia	6
México	5
Finlandia	4
Romanía	4
Chipre	3
Letonia	3
República Checa	3
Eslovaquia	2
Eslovenia	1
Uruguai	1

Cadro 176 **Estudiantes saíntes por países de destino en 2009-2010**

ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos	93
Facultade de Economía e Empresa	55
ETS de Arquitectura	53
Facultade de Informática	37
Facultade de Dereito	33
Facultade de CC do Deporte e a Educación Física	32
EU de Turismo	24
EU Politécnica	21
Facultade de Ciencias	20
EU de Arquitectura Técnica	13
Fac. de Dereito e Fac. CC. Económicas e Empresariais (dobre titulación)	13
Facultade de Filloxía	13
Escola Politécnica Superior	12
Facultade de Ciencias da Educación	10
Facultade de Socioloxía	9
EU de Estudos Empresariais	8
ETS de Náutica e Máquinas	3
EU de Deseño Industrial	2
Facultade de Ciencias do Traballo	1
Facultade de Ciencias da Comunicación	1

Cadro 177 **Estudiantes saíntes por centros en 2009-2010**


Mobilidade do profesorado

Percíbese un incremento significativo no tocante á mobilidade do profesorado saínte. A participación pasou de 24 a 40 profesores. Así mesmo, a UDC está

a demostrar unha maior capacidade de atracción como centro de acollida, ao duplicar tamén o número de receptores.



Cadro 178 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus e bilaterais saíntes



Cadro 179 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus e bilaterais entrantes

N.º de estadias	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
1	Kunstakademiets Arkitektsskole	Dinamarca	15 días
1	Niko Muskhelishvili Polytechnic Institute	Xeorxia	1 mes
1	Universidad Nacional de Educación a Distancia	España	19 días
1	Universidad Abierta Interamericana	Arxentina	21 días
1	Universidad Autónoma de Baja California Sur	México	18 días
1	Universidad de Buenos Aires	Arxentina	2 meses
1	Universidad de Chile	Chile	15 días
1	Universidad de Ciencias Empresariales y Sociales	Arxentina	2 meses
1	Universidad de Córdoba	España	15 días
1	Universidad de Huelva	España	15 días
1	Universidad de Málaga	España	1 mes
1	The University of Manchester	Reino Unido	36 días
1	Universidad de Oviedo	España	16 días
1	Universidad de Panamá	Panamá	28 días
1	Universidad de Sevilla	España	14 días
1	Universidad de Valladolid	España	15 días
1	Universidad Nacional de Córdoba	Arxentina	1 mes
1	Universidad Simón Bolívar	Venezuela	15 días
1	Universidade Estadual de Londrina	Brasil	20 días
1	Universidade Federal da Bahía	Brasil	1 mes
1	University of Pretoria	Sudáfrica	14 días

Cadro 180 Axudas da UDC para estadias do profesorado fóra de Galicia

N.º de estadias	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural			
1	Katholieke Universiteit de Leuven	Bélxica	1 semana
1	Universidade de Lisboa	Portugal	1 semana
1	Università degli Studi di Messina	Italia	1 semana
1	Universitat Autònoma de Barcelona	España	1 semana
1	Universität Bern	Suíza	1 semana
1	Universitat de València	España	1 semana
1	University of California, Berkeley	EE UU	1 semana
1	Wellesley College	EE UU	1 semana
Mestrado Universitario en Química Ambiental e Fundamental			
1	Consejo Superior de Investigaciones Científicas	España	1 semana
1	Delft University of Biotechnology	Holanda	1 semana
1	Università degli Studi di Padova	Italia	1 semana
Mestrado Universitario en Dereito: Especialidade en Estudos da Unión Europea			
1	Johns Hopkins University	Italia	1 semana
1	Organización Mundial do Comercio	Suíza	1 semana
2	Universidad de Castilla-La Mancha	España	2 semanas
1	Universidad de Salamanca	España	1 semana
1	Universidad Rey Juan Carlos	España	1 semana
1	Università degli Studi di Modena e Reggio Emilia	Italia	1 semana
1	Universitat de Barcelona	España	1 semana
1	Universitat Jaume I	España	1 semana
1	Uniwersytet Wrocławski	Polonia	1 semana

Cadro 181 Estadias na UDC de profesorado visitante con financiamento do Ministerio de Educación en 2009-2010 (segue)

N.º de estadias	Organismo de procedencia	País de orixe	Duración
Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada			
1	Universidad de Zaragoza	España	1 semana
Mestrado Universitario en Lingua e Usos Profesionais:			
1	Leiden University	Holanda	1 semana
1	Universitat de València	España	2 semanas
Mestrado Universitario en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética			
1	Centro Nacional de Investigaciones Oncológicas	España	1 semana
1	Instituto de Bilogía Molecular e Celular de Porto	Portugal	1 semana
1	Wageningen University	Holanda	1 semana
Mestrado Universitario en Asesoramento Xurídico Empresarial			
1	Albert-Ludwigs Universität	Alemaña	1 semana
1	Tribunal de Xustiza da Unión Europea	Luxemburgo	1 semana
1	Universidad de Castilla-La Mancha	España	1 semana
1	Universidad de Coimbra	Portugal	1 semana
1	Universidad de Salamanca	España	1 semana
1	Universidad de Valladolid	España	1 semana
1	Universidade de Granada	España	1 semana
1	Universidade do Minho	Portugal	1 semana
1	Università degli Studi di Perugia	Italia	1 semana
1	Università degli Studi di Trieste	Italia	1 semana
1	Universitat Pompeu Fabra	España	1 semana
Mestrado Universitario en Informática			
1	Universitat de les Illes Balears	España	1 semana
1	University of Houston	EE UU	1 semana

Cadro 181 (continuación) Estadias na UDC de profesorado visitante con financiamento do Ministerio de Educación en 2009-2010

Convenios internacionais

A sinatura de 27 novos convenios internacionais eleva a 71 o número total de convenios vixentes e permite ampliar significativamente as opcións de mobilidade para os membros da nosa comunidade universitaria.

Institución	País
Universidad de la Cuenca del Plata	Arxentina
Universidad Torcuato di Tella	Arxentina
University of Adelaide	Australia
Hochschule Magdeburg-Stendal (FH)	Alemaña
Justus-Liebig-Universität Giessen	Alemaña
Technische Universität Carolo-Wilhelmina zu Braunschweig	Alemaña
Fachhochschule Technikum Wien	Austria
Universidade Federal de Pernambuco (UFPE)	Brasil
Meditsinsky Universitet - Plovdiv	Bulgaria
Universidad Católica del Norte	Chile
Florida International University	EE UU
Ecole Supérieure de Gestion	Francia
Université Lumière Lyon 2	Francia
Universidad Veracruzana	México
Universidad Nacional Autónoma de Nicaragua	Nicaragua
Hogeschool Rotterdam	Países Baixos
Universidad Peruana de Ciencias e Informática - UPCI	Perú
Panstwowa Wyższa Szkoła Zawodowa w Koninie	Polonia
Politechnika Gdanska	Polonia

Cadro 182 **Convenios internacionais de nova sinatura** (segue)

Institución	País
Uniwersytet Zielonogórski	Polonia
Wyższa Szkoła Pedagogiki i Administracji im. Mieszka I w Poznaniu	Polonia
Universidade Católica Portuguesa	Portugal
Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro	Portugal
Moscow State University of Linguistics	Rusia
Kadir Has Universitesi	Turquía
Mersin Universitesi	Turquía
Universidade de Dkaha	Bangladesh

Cadro 182 (continuación) **Convenios internacionais de nova sinatura**

Outros programas

A Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) financiou oito novos Proxectos de Cooperación Interuniversitaria (PCI) da Universidade da Coruña no ámbito da investigación, a docencia e as redes temáticas con Iberoamérica. Como consecuencia do conxunto de proxectos concedidos, realizáronse un total de 23 accións de acollida por parte da UDC entre profesores e estudantes.

Por outra banda, a UDC participou nalgúns certames internacionais de primeiro nivel para promocionar a súa oferta educativa e investigadora. Foi o caso da *Study World 2010 Berlín*, en que España foi o país

invitado. A este evento asistiron 180 universidades de 29 países europeos. Así mesmo, asistiu a Europosgrados 2010 México, a principal feira de posgrao no continente americano que se desenvolve en México e Monterrey cunha asistencia do estudiantado de 10.000 e 3.500 estudantes, respectivamente. Participou tamén en NAFSA, conferencia de internacionalización da educación máis importante no mundo. Trátase dunha feira entre profesionais das universidades que permite ampliar as redes de contactos e dar a coñecer a oferta académica. A este evento acoden máis de 8.000 representantes de institucións de ensino superior.

Universidade de destino	Estudantes
Alcalá	1
Autónoma de Madrid	5
Barcelona	5
Cádiz	3
Cantabria	1
Complutense de Madrid	5
Córdoba	3
Extremadura	1
Granada	10
Internacional de Cataluña	1
La Laguna	4
Las Palmas	6
León	2
Lleida	1
Málaga	4
Miguel Hernández de Elche	1
Oviedo	3
Pablo Olavide	1
País Vasco	1
Politécnica de Cartagena	1
Politécnica de Cataluña	5
Politécnica de Madrid	3
Politécnica Valencia	3
Pontificia de Salamanca	2
Salamanca	1
Sevilla	6
Valencia	6
Total de alumnos/as enviados/as	85

Universidade de orixe	Estudantes
Autónoma de Madrid	1
Barcelona	1
	3
Córdoba	1
Extremadura	2
Granada	3
Jaime I	1
La Laguna	1
Las Palmas	1
León	1
Lleida	4
Málaga	1
Oviedo	1
Politécnica de Cataluña	3
Politécnica de Madrid	9
Politécnica Valencia	1
Rey Juan Carlos	1
Sevilla	4
Total de alumnos/as recibidos/as	39

Cadro 183 Mobilidade do alumnado acollido ao SICUE en 2010-2011


Centro de Linguas

Seguindo cun crecemento moi significativo, o Centro de Linguas da Universidade da Coruña contou neste cuarto ano de existencia con 2.064 usuarios, o que significa un 19.07% de incremento respecto do ano anterior. Estes datos confirman a consolidación do servizo no conxunto da comunidade universitaria, mais tamén como referente de centro de aprendizaxe de linguas na cidade da Coruña.

O Centro de Linguas encargouse da preparación lingüística do estudantado da Universidade da Coruña beneficiario dunha axuda á mobilidade e da formación en lingua española e galega dos estudantes estranxeiros. Así mesmo, encárgase da formación en lingua dos titulados beneficiarios dunha axuda do programa Leonardo da Vinci.


En colaboración co Instituto Cervantes organizouse máis unha vez un curso de formación de ensino de linguas, *Introdución ao Ensino de Linguas Estranxeiras*, impartido por profesores da Universidade Pompeu Fabra e da Universitat de Barcelona. A este curso asistiron 31 estudantes, en cuxas enquisas deixaron patente un alto grao de satisfacción.

Desde o pasado curso o Centro de Linguas consta como centro examinador do IELTS (*International English Language Testing System*) recoñecido como válido para acreditar o nivel de inglés por todas as universidades de Gran Bretaña, Australia, Nova Celandia e outras noutros lugares, así como numerosas empresas. Na pasada edición presentáronse 23 persoas o que supón un incremento do 69.56% con respecto á primeira edición.




- Linguas estranxeiras
- Español lingua estranxeira
- Galego lingua estranxeira
- Ensino de segundas linguas

Cadro 184 **Estudantes matriculados no Centro de Linguas en 2009-2010**



- Alemán
- Francés
- Inglés
- Italiano
- Portugués

Cadro 185 **Estudantes de linguas estranxeiras en 2009-2010**



Cadro 186 **Estudantes de linguas estranxeiras por campus en 2009-2010**